

Antolín Faraldo

17 de marzo de 1840 *Pensamentos*

Hoxe, tras levantarme da miña fría e solitaria cama, despois de estar toda a noite en vela, decidín ir á casa do meu amigo Xoán. Ía cheo de fame, sen probar comida desde o día anterior, a aquelas horas, polo que el me convidou a tomar unha cunca de café para romper aquel duro silencio que nos separaba.

Despois de tentar sacar, por diferentes medios, temas de conversación, acabamos falando do que non paraba de estar nas nosas cabezas desde había un par de meses. Isto era a dúbida de se deberíamos expoñer os nosos pensamentos en público para saber se a xente pensaba igual ca nós ou non. Conforme foi avanzando o día, convidéino a vir á miña casa para charlar e preparar os últimos pasos para alcanzar a nosa meta.

21 de abril de 1840 *A desilusión*

O primeiro que fixen ao levantarme foi abrir as xanelas e mirar aquel martes frío infestado de néboa cunha leve capa de orballo na verde herba do campo. Púxen as miñas roupaxes máis novas para ir á casa do meu amigo e logo collemos todos e cada un dos nosos escritos e fomos ao centro da cidade onde quedáramos co alcalde da localidade. Non paraba de pensar no que podía acontecer naquela reunión. Sentín uns nervios que percorrían o meu corpo mentres miraba a Xoán e parecía tranquilo. Ao saír da reunión, e mentres andaba xunto ao meu amigo, boteime a chorar por non poder controlar a situación e sentirme impotente ante a desilusión que me produciron aquelas persoas.

Volvín á casa e non tiña ganas de nada máis que de meterme na cama e compartir os meus pensamentos coa calor dos fríos cobertores entre os que me atopaba.

1 de febreiro de 1846 *Recompensa do esforzo*

Dende hai un par de semanas sinto que a miña vida mellorou en todos os sentidos, a xente apóiame no meu novo proxecto sobre a unificación de Galicia como unha única provincia e no consello da semana pasada decidimos chamarlle “Provincialismo galego”. Sinto dentro de min unha emoción na que non paro de pensar e que non me permite borrar o sorriso que teño debuxado na cara.

Por fin conseguimos chegar onde, desde un principio, Xoán e eu queríamos. Sentímonos moi apoiados aínda que xa tiráramos a toalla desde había tempo. Isto é un exemplo de que o que de verdade importa é confiar nun mesmo, xa que sempre hai algo intanxible que nos axuda como unha man empurrándonos e axudándonos a chegar á meta dos nosos soños.

6 de decembro de 1852 *Malas novas*

Levo un tempo sentindo algo raro no meu interior. Todas as mañás ao levantarme da cama noto algo no meu interior que percorre todo o meu corpo, como un calafrío. Teño medo de que algo comece a ir mal no meu interior. Día tras día percibo como que non camiño só, como que teño algo sobre os meus ombreiros que me pesa e non me permite andar, traballar ou mesmo pensar como antes. Creo que a miña vida vai chegando ao seu fin e cada día vexo máis lonxe a todos os meus familiares e amigos, os responsables da miña felicidade e as persoas polas cales sigo escribindo todos os meus artigos e que me sacan un sorriso coma se dun neno se tratase.

14 de febreiro de 1853 *A aparición*

Sábado pola mañá, espertei co pixama novo que me regalara Xoán, levanteime rapidamente da cama porque me parecía escoitar unha voz feminina. Comecei a percorrer a casa para ver se había algo, pero non atopei nada polo que me puxen a almorzar. Cando saín de casa, vin ao fondo dun bosque, unha muller tombada entre a follaxe marrón do chan. Dei un gran berro por se a pobre rapariga se atopaba mal, pero ela non me respondeu. Agacheime e, cando alcei a vista, a muller estaba en fronte de min. Tiña o cabelo escuro e un aparello de madeira como

unha gadaña na man, pero estes trazos non foron os que de verdade me sorprenderon. O que me sorprende foi que, despois de dicir unhas palabras, marchou coma se dunha pantasma se tratase. Despois de estar toda a tarde pensando niso, deime conta de que o que a moza me dixera era que estabamos moito máis preto do que eu pensaba e que nos veríamos en catro meses. Sigo sen entender por que.

Elementos que destacamos:

“Todo esforzo ten a súa recompensa”

“Provincialismo Galego”

“Unificación de Galicia como unha única provincia”

“A miña vida vai chegando ao seu fin”

“O que a moza me dixera era que estabamos moito máis preto do que eu pensaba e que nos veríamos en catro meses. Sigo sen entender por que.”

Abel Pena Bodenlle, Isabela Vélez Gallego,
Carla Calvo Roca y Jonathan Núñez Sanmartín